

O TRABALLO DE ESTUDIANTE



Xa sabes o que queres ser cando sexas grande? Eu aínda non o sei pero pensó moito niso. Ás veces pregúntome como sería ser profesor ou médico, e despois imaxino que tamén sería bonito ser astronauta e descubrir un novo planeta ou ser científico e inventar una medicina para que ninguén se puxese enfermo. O meu pai e a miña nai dinme constantemente que podoo chegar a ser o que queira sempre que traballe e me esforcé na escola.

Sei que estudar moito e facelo todo o mellor que poida é una boa idea pero, ás veces, aprender e estudar non é nada divertido! Ás veces é moi aburrido e outras veces é francamente duro!

Sabes que aprender e estudar é un traballo de xornada completa? Hai que facer traballos, deberes, ler libros, facer problemas de mates e ditados. E cando pensas que xa acabaches, sempre hai cousas por facer: máis estudo, o resumo doutro libro, máis deberes.... É un traballazo infinito!



Que e o que máis che gusta da escola á parte da hora do patio? A min, o que máis me gusta é aprender cousas curiosas sobre os volcáns ou os dinosauros, ou aprender a tocar diferentes instrumentos

como a frauta ou a guitarra. Nestes momentos ir á escola e aprender son cousas tan divertidas!

Pero alguna vez tentaches aprender unha cousa nova e, por moito que te esforzas, non o acabas de entender? A min paréceme que isto lle pasou a todo o mundo alguna vez. Cando me pasa a min, enfádome moito e daquela quero deixar de estudar e deixar de esforzarme por entendelo.

A semana pasada, por exemplo, a mestra ensinounos unha nova maneira de multiplicar e, por mais que o tentaba, non o entendía. Despois dun bo anaco, estaba esgotado, angustiábame cada vez máis e quería deixalo pasar, pero a mestra non mo dixou facer.

No canto disto, pedíume que quedase despois da clase, díxome que me axudaría coas multiplicacións.

O mellor de todo foi que o pasei moi ben con ela. Ensinoume varias formas de aprender e maneiras divertidas de estudar. Mesmo á hora de marchar facíamos bromas... Pero o máis importante foi que aprendín a multiplicar. Agora xa o entendía!

Jennifer D. Moore-Mallinos, *Estudiar es duro*.

Col. Lecciones de vida. Edebé

CONTESTA:

1. Que tipo de texto é?

- a. Unha poesía.
- b. Un texto descriptivo.
- c. Unha narración

2. Di si as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

- a. O protagonista xa decidiu o que quere ser cando sexa grande.
- b. A mestra ensinou as normas de acentuación.
- c. O protagonista prefire quedar na casa facendo deberes no canto de saír a xogar.
- d. Como o protagonista non entendía nada, a mestra púxolle máis deberes.

3. Dos oficios que saen no texto, a cal corresponde cada definición

- a. Persoa que viaxa na nave espacial.
- b. Persoa que ensina nunha escola.
- c. Persoa que se dedica a curar enfermidades e atender os enfermos.
- d. Persoa que se dedica á ciencia e fai traballos de investigación.

4. Que non entendía o neno do texto?

- a. A sumar con levadas.
- b. A lectura.
- c. A multiplicar.
- d. A tocar a frauta.